

# Inscrición servizos madruga e comedor para o curso 2020-2021

O pasado 22/07/2020 as Consellerías de Educación e Sanidade aprobaron o "Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de Ensino non Universitario de Galicia para o curso 2020-2021". Neste documento están recollidas as condicións nas que se desenvolverán para o curso 2020-21 as clases, os servizos de madruga e comedor, as actividades extraescolares, as actividades complementarias, transporte, etc. Para a confección de dito protocolo, en ningún momento contouse coa participación das familias.

De aplicarse as medidas recollidas, os servizos de madruga e comedor, cos espazos dispoñibles actualmente, nun cálculo preliminar, levarían a unha **redución no aforo de ditos servizos dun 80%**. Con esa redución, e o resto de medidas de prevención necesarias, levarían a un **incremento do custe de aproximadamente un 100%** (o dobre).

Pola universalidade do servizo que promovemos dende as ANPA, non estamos dispostos a facer unha escolla de que familias terían dereito e cales non a ditos servizos. Por iso pídese á Consellería de Educación o seguinte:

- Cesión de novos espazos no centro (adequados para o servizo) e outras medidas de organización dos centros (por exemplo adiantar o xantar dos máis cativos) que permitan dar o servizo a todas as familias que o necesiten.
- Que a Consellería asuma o incremento de custe que se produza pola aplicación do protocolo.
- Que a Consellería dialogue coas familias para chegar a un protocolo de consenso.

Aínda que fai uns días houbo unha reunión coa Consellería, non se acadou ningún compromiso por parte da Xunta en ningún destes puntos. Como resulta diso, **NESTE MOMENTO E COAS CONDICIÓN ACTUAIS, OS SERVIZOS DE COMEDOR E MADRUGA PARA CURSO 2020-21 NON SE REALIZARÁN** nos centros nos que a FANPA xestiona ditos servizos.

Dende a organización de ditos servizos, necesítase facer unha avaliación detallada do impacto da aplicación do protocolo en cada centro, de cara a trasladar á Xunta as necesidades concretas en cada centro e o cálculo de custes dos servizos.

Unha das cousas que se necesita é o número de usuarios dos servizos para o curso 2020-21. Para elo **estará aberta a inscrición nos servizos de MADRUGA e COMEDOR dende o día 10/08/2020 ata o día 25/08/2020**. Tedes que ter en conta o seguinte:

- Dita inscrición é provisional, suxeita a que finalmente sexa posible a organización en condicións adecuadas de seguridade e custe de ditos servizos.
- O custe dos servizos que aparece no impreso de inscrición pode estar suxeito a cambios polas medidas de prevención ou organización a adoptar. Hai que ter en conta que nesas cantidades faltaría aplicar o desconto pola subvención do Concello de Pontevedra, xa que dita subvención depende do número de usuarios do servizo.
- Posto que os servizos dimensionaranse en base ás inscricións recibidas, non poderemos garantir a praza para o alumnado que non faga a inscrición nas datas indicadas.

Pontevedra, 10 de agosto de 2020